

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000128

ANTECEDENTES:

A Deputación provincial publicou no BOP nº 29 do 12/02/2020 a Resolución de Presidencia de aprobación das bases reguladoras do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2020.

Con data do 04/03/2020 publicouse no BOP nº 43 a convocatoria do dito programa.

Con data do 12/03/2020 o Concello presentou unha solicitude ao devandito programa para a contratación de persoal temporal para a execución de servizos mínimos municipais.

Con data do 17/04/2020 publicouse no BOP nº 61 a resolución de concesión definitiva das subvencións do referido programa, sendo o Concello de San Sadurniño beneficiario dunha axuda de 28.000,00 euros.

Debido á urxencia para realizar a contratación, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

1. Aprobar as bases para a contratación laboral temporal de varios postos ao abeiro do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2020, elaboradas polo Técnico de desenvolvemento local, e que se engaden como anexo desta resolución.
2. Nomear ao seguinte tribunal de selección:
 - Presidente: Manuel Hermida López ou traballador/a que o substitúa
 - Secretaria: Mónica Cebreiro Caneiro ou funcionario/a que o substitúa
 - Vogal: Juan José Rodríguez Sueiras ou traballador/a que o substitúa
 - Asesor: Ignacio Fernández López, en calidade de Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (con voz e sen voto)
3. Instar ao persoal municipal, e nomeadamente ao tribunal de selección, para que proceda, á maior brevidade, cos trámites para a urxente contratación do persoal temporal citado

Asinado dixitalmente, polo Alcalde, Secundino García Casal, do que eu, a Secretaria accidental, Mónica Cebreiro Caneiro, dou fe.

Anexo

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2020 (PEL-Concellos)

LIMIAR

O Concello de San Sadurniño presentou unha solicitude ao abeiro das Bases reguladoras do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2020, publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP núm. 29 do 12/02/2020.

Con data de 17/04/2020 foi publicada a resolución de concesión da subvención (BOP núm. 61), a través da cal contrataranse 3 postos de traballo temporais, consonte o solicitado.

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é marcar os criterios de selección de traballadores e traballadoras para cubrir tres postos de traballo temporal no marco da subvención da Deputación provincial ao abeiro do Programa de integración laboral para o ano 2020.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS

As características das prazas e as funcións do persoal que se pretende contratar serán:

- Chofer: contrataríase 1 chofer, durante 5,5 meses, a tempo completo, para guiar os camións municipais, de recollida de residuos, así como a maquinaria agrícola, de cara a realizar tarefas de roza e limpeza de vías municipais. O salario bruto mensual do posto, coas pagas extras pro rateadas, será de 1.521,65 euros.
- Albanel: contrataríase 1 albanel, a tempo parcial (6 horas/día), durante 5,5 meses para realizar pequenas obras de mantemento e mellora nas vías municipais e na rede de abastecemento de auga potable. O salario bruto mensual do posto, polo tempo traballado e coas pagas extras pro rateadas, será de 1.195,71 euros.
- Peón: contrataríase 1 peón, a tempo parcial (6 horas/día), durante 5,5 meses para prestar auxilio nas tarefas de recollida e tratamento primario dos diferentes tipos de residuos recollidos, así como na limpeza viaria municipal e nas obras no abastecemento de auga. O salario bruto mensual do posto, polo tempo traballado e coas pagas extras pro rateadas, será de 1.135,48 euros.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE

A publicidade das bases deste proceso selectivo farase mediante na web municipal (www.sansadurnino.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O resto de anuncios sucesivos vinculados a este proceso selectivo faranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de San Sadurniño.

CUARTA.- REQUISITOS XENÉRICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder tomaren parte no proceso de selección será necesario que as persoas aspirantes reúnan os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española e ser maior de 16 anos, con idade non superior á de xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da UE, así como das persoas estranxeiras residentes en España
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións
- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección, coma no da formalización do contrato

QUINTA.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais dos requisitos do punto anterior, en aplicación ao disposto no punto 2.1. das bases do Programa de Integración Laboral, as persoas aspirantes deberán estar incluídas nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres
- Maiores de 45 anos
- Persoas desempregadas de longa duración: aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandante de emprego
- Persoas con discapacidade, que teñan recoñecida un grao igual ou superior ao 33%
- Persoas en situación de drogodependencia
- Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego
- Persoas en fogar monoparental/monomarental
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais
- Persoas vítimas de violencia de xénero
- Persoas sen fogar

Por outra banda, no caso do posto de chofer de camiión e maquinaria municipal será imprescindible que a persoa a contratar estea en posesión efectiva do carné de conducir de tipo C.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o seguinte:

- Introdución da oferta no SPEG, e sondaxe e derivación dos candidatos e candidatas por parte do servizo, consonte o indicado na Base 7ª da convocatoria
- Fase de concurso: valoración de méritos
- Fase de oposición: entrevista telefónica, debido ás limitacións para os desprazamentos motivados polo Estado de alarma vixente por mor da pandemia do COVID-19, centrada nos coñecementos da persoa sobre os lugares e parroquias do municipio e sobre as ferramentas e métodos de traballo propios do posto ao opten
- Puntuación final e proposta de persoas candidatas á Alcaldía

SÉTIMA.- CHAMAMENTO E DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR

Unha vez recibidos os currículos das persoas candidatas, enviados por parte do SPEG, procederase a realizar unha listaxe de persoas admitidas, consonte aos requisitos sinalados, que será publicada na web e no taboleiro de anuncios.

Asemade, coa aprobación desa listaxe marcarase o día no que se celebrará a entrevista telefónica, así como a documentación que terán que achegar. Paralelamente as persoas candidatas serán citadas telefonicamente.

OITAVA.- FASE DE CONCURSO

Na fase de concurso valoraranse as circunstancias persoais de cada aspirante, ata un máximo de 4 puntos.

No que atinxe ás circunstancias sociais, cada apartado valorarase con 1 punto ata un máximo de 2 puntos:

- Mulleres, ao ter un diferencial de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida pola Administración competente unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% (acreditarase mediante a presentación do certificado)
- Persoas paradas de longa duración: persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego (consultarase directamente na base de datos do SPEG)
- Vítimas de violencia de xénero (acreditarase mediante presentación de sentenza xudicial firme)

Por outra banda, a percepción ou non de prestacións por desemprego valorarase, até un máximo de 1 punto:

- Prestación por desemprego: 0 puntos
- Subsidio por desemprego: 0,5 punto
- Sen prestación nin subsidio: 1 punto

Por último, ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas, até un máximo de 1 punto (acreditarse mediante presentación dos diplomas ou documento acreditativo da realización das actividades formativas):

- Por cada curso de 10 a 50 horas: 0,10 puntos
- Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,25 puntos
- Por cada curso de máis de 100 horas: 0,50 puntos

NOVENA.- FASE DE OPOSICIÓN

Esta fase será valorada cun máximo de 6 puntos.

Realizarase unha entrevista telefónica, na que o tribunal avaliará os coñecementos das persoas candidatas sobre:

- Coñecementos do posto a desenvolver (procedementos, maquinaria, tarefas propias do posto ...)
- Coñecementos do territorio municipal (parroquias e lugares, vías de comunicación ...).

A non realización da proba suporá a eliminación do proceso selectivo.

DÉCIMA.- VALORACIÓN FINAL

Unha vez rematada a valoración da fase de concurso e realizada a proba presencial, o tribunal sumará os puntos obtidos por cada persoa candidata e propondrá á Alcaldía o nomeamento das persoas que obtivesen as puntuacións máis elevadas.

No caso de empate terán preferencia as persoas que non perciban ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate, seleccionaranse as persoas con data de maior antigüidade en situación de desemprego.

O resto de persoas que non fosen eliminadas durante o proceso selectivo formarán unha lista de agarda, á que se recorrerá no caso de ter que realizar contratacións de substitución das persoas seleccionadas inicialmente.

UNDÉCIMA.- TRIBUNAL

O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

- Presidente: Manuel Hermida López ou traballador/a que o substitúa
- Secretaria: Mónica Cebreiro Caneiro ou funcionario/a que o substitúa
- Vogal: Juan José Rodríguez Sueiras ou traballador/a que o substitúa
- Asesor: Ignacio Fernández López, en calidade de Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (con voz e sen voto)

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo, así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura das prazas convocadas, podendo propoñer a incorporación dos asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, cando neles concorran circunstancias previstas de abstención recollidas na normativa de procedemento administrativo común. Ademais, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando se dese calquera das circunstancias de abstención.

Para a válida actuación do tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros.

O Alcalde,

Secundino García Casal

En San Sadurniño, venres 8 de maio de 2020

O Alcalde/Presidente

Secundino García Casal